



## CONVOCATORIA DE PRENSA

# Acto de clausura da XXV Asemblea de Socios de AGEF

- Asisten os presidentes de AGEF, de ABANCA e do Instituto da Empresa Familiar (IEF), e os conselleiros da Xunta de Galicia, María Jesús Lorenzana (Economía e Industria) e José González Vázquez (Emprego e Emigración).

**Santiago de Compostela, martes 27 de maio de 2025.-** *A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) celebra mañá —28 de maio, ás 13:15 horas, no Hostal Reis Católicos de Santiago de Compostela (Praza do Obradoiro, 1)— o acto de clausura do seu XXV Asemblea de Socios.*

*Intervirán o presidente de AGEF, José Bernardo Silveira, o presidente de ABANCA, Juan Carlos Escotet, e o presidente do Instituto da Empresa Familiar (IEF), Ignacio Rivera. En representación da Xunta de Galicia, participa a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, que acode acompañada do conselleiro de Emprego e Emigración, José González Vázquez.*

### **Sobre AGEF**

*A Asociación Galega da Empresa Familiar (AGEF) é a principal asociación de empresas con raíces, sede social e vocación de permanencia en Galicia, integrada na actualidade por 62 compañías. O seu propósito é promover o desenvolvemento e crecemento das empresas familiares na nosa comunidade, defendendo os seus dereitos e intereses e apoiando iniciativas que as fagan máis competitivas, co obxecto de favorecer o incremento da prosperidade e calidade de vida de Galicia.*